

O Correlingua celebra os seus 20 anos reivindicando o dereito a vivir en galego

VINTE COA LINGUA!

O Correlingua, denominación que desde 2001 adoptan as diversas carreiras a prol do idioma que se celebran por toda Galiza, cumpre 20 anos, efeméride que conmemora co lema *Vinte coa lingua*, despois do exitoso *O galego é a fórmula* empregado en 2019.

Organizado pola Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG), A Mesa pola Normalización Lingüística e a CIG-Ensino, trátase dunha proposta de carácter lúdico, educativo e reivindicativo que nestes 20 anos de traxectoria acumulou diferentes recoñecementos, entre os que destaca o Premio Rosalía de Castro de Lingua da Deputación da Coruña, polo seu «destacado compromiso coa lingua, capacidade de introducir o galego desde a infancia entre as máis cativas e cativos e por manter ese uso vivo a medida que medran a través de múltiples actividades».

Esas actividades teñen como obxectivos «propiciar a reflexión sobre a situación da lingua e a importancia de activar as accións a prol dela», «sensibilizar a sociedade, a través da poboación infantil e moza, da importancia da defensa da lingua»,

«asociar o uso do idioma a actividades colectivas, lúdicas e de interacción entre o alumnado de diferentes centros e localidades» e «contribuír a manter vivo o maior patrimonio creado polas galegas e os galegos e implicar as xeracións máis novas no cumprimento deste obxectivo».



O Correlingua está dirixido ao alumnado de centros de ensino, tanto de titularidade pública como privada, de todos os niveis. Porén, as súas actividades non se circunscriben á rapazada, senón que a través de fórmulas de colaboración variadas participan tamén entidades asociativas de ámbitos diversos.

Cada ano son arredor de 20.000 mozas, mozos, nenos e nenas de máis de 200 centros de educación de toda Galiza os que toman parte no Correlingua, chegando a darse casos de persoas que participaron tanto como alumnas como como mestras, até o punto de que hai moita xente que afirma que igual que hai unha 'Xeración Xabarín' tamén existe a 'Xeración Correlingua'.

A implicación do profesorado, fundamental para a organización do Correlingua

A índa que as festas do Correlingua se realizan nas semanas previas ao Día das Letras Galegas, en concreto no 2020 do 4 ao 15 de maio, son tan só o punto final dun proceso que comeza co curso escolar, cando desde a coordinación se comezan a planificar os concursos e actividades que se desenvolven durante todo o curso e tamén a enviar información aos centros de ensino a través dos boletíns.

Ademais, a organización do Correlingua conta con dúas unidades didácticas que teñen como obxectivo propiciar nas aulas a reflexión e o debate sobre o uso do galego que o profesorado pode descargar desde a web www.correlingua.gal en formato PowerPoint ou en papel, previa solicitude.

O profesorado pode participar co seu alumnado desde as aulas nos concursos do manifesto, banda deseñada e de vídeo e na elaboración de materiais para os concursos de animación das festas finais e no xurado do Cantalingua, un conxunto de accións que se poden inserir nas programacións dos centros como actividades do equipo de normalización e dinamización lingüística do centro.

'Xeración Correlingua'



Correlingua 2019 Santiago de Compostela

As Festas Finais, a cara máis visíbel do Correlingua

As denominadas Festas Finais do Correlingua son as actividades máis visíbeis para a sociedade, que consisten nunha carreira e unha serie de accións a prol da lingua, como actuacións musicais e concursos de animación, nas que culminan todas as tarefas que se viñeron realizando durante o curso. Teñen lugar nas principais vilas e cidades galegas, cos centros de ensino de cada comarca como actores principais.

Para anotarse, tan só hai que cubrir e enviar o formulario web dispoñíbel en www.correlingua.gal.

Nesta vixésima edición desenvolveranse durante o mes de maio en:

Ferrolterra	martes 5	Compostela	luns 11
Pontevedra	mércres 6	Moaña	martes 12
Baixo Miño	mércres 6	Ourense	mércres 13
Lugo	xoves 7	Vigo	mércres 13
A Estrada	venres 8	Foz	xoves 14
Monforte	venres 8	A Coruña	venres 15



Correlingua 2016 Santiago de Compostela

VINTE COA LINGUA!



Concursos de manifesto, de vídeo e de banda deseñada

As festas finais son a cara do Correlingua, pero o seu traballo esténdese ao longo de todo o curso con concursos que teñen por obxectivo traballar sobre a lingua, de maneira que o Correlingua dure todo o curso escolar e contribúa á sensibilización co idioma e a darlle o protagonismo na preparación de contidos e argumentos ao alumnado.

Esas actividades do Correlingua que se desenvolven durante o ano académico son o concurso de vídeo –con dúas categorías diferenciadas para primaria e secundaria–, manifesto, banda deseñada, Cantalingua e Posadoiro. As bases están dispoñíbeis na web correlingua.gal/bases.

O concurso de manifesto

O concurso de manifesto é o corazón e alma da actividade, pois desenvólvese ininterrompidamente desde a primeira edición.

Consiste en elaborar un texto que, partindo do lema do Correlingua 2020 *Vinte coa lingua*, faga un chamamento a prol do uso do galego. Pode participar todo o alumnado de ESO e Bacharelato menor de 20 anos de calquera centro de Galiza. A extensión do manifesto será dun máximo de 500 palabras.

Os centros deberán formalizar a inscrición a través do formulario activo na páxina web correlingua.gal/calendario-e-inscricions/inscricion-no-manifesto antes do día 1 de febreiro de 2020. Nesa inscrición farase constar o número de persoas que compón o grupo e tamén a etapa educativa. Asemade, o texto do manifesto deberá ser enviado antes do 17 de febreiro de 2020 por correo electrónico a correlingua@gmail.com ou por ordinario a: **Correlingua. Avenida de Lugo, 2A, entresollado A, 15702, Santiago de Compostela.**

O premio para o grupo gañador consistirá nunha viaxe e un diploma acreditativo para o grupo que será entregado nun acto público e, como novidade neste Correlingua 2020, un obradoiro de creación literaria da man dunha escritora galega no propio centro de ensino do grupo gañador. Ademais o manifesto publicárase na web do Correlingua e lerase en todas as festas finais que pechan a actividade.

O concurso de banda deseñada

O concurso de banda deseñada tamén forma parte da programación desde o Correlingua orixinal. Dirixido ao alumnado de infantil e primaria, está aberto a calquera tipo de técnica e debe ter unha extensión máxima de catro páxinas tamaño A4.

A participación será en grupo, e o premio será para todo ese grupo, preferibelmente unha aula completa

de máximo 25 estudantes. Cada grupo deberá repartir as diferentes tarefas para a elaboración da banda deseñada –elaboración do argumento e guión, deseño das personaxes, realización gráfica, cor, etc.

Os centros deberán formalizar a inscrición a través do formulario activo no portal correlingua.gal/calendario-e-inscricions/inscricion-na-banda-desenada antes do día 1 de febreiro de 2020. Nesa inscrición farase constar o número de persoas que compoñen o grupo e tamén a etapa educativa. O traballo orixinal deberá ser enviado antes do 16 de marzo de 2020 por correo electrónico ou ordinario.

O premio para o grupo gañador consistirá nunha viaxe e un diploma acreditativo para o grupo que será entregado nun acto público e, como novidade neste Correlingua 2020, tamén haberá *master class* dun artista plástico galego no propio centro de ensino do grupo gañador.

O concurso de vídeo

O concurso de vídeo comezou a desenvolverse no ano 2011 coa idea de ser unha ferramenta audiovisual de uso nas redes sociais para potenciar, desde as mensaxes elaboradas polo alumnado, a nosa lingua. O alumnado dispón dun máximo de tres minutos para elaborar un proxecto que teña que ver total ou parcialmente co lema desta edición do Correlingua, *Vinte coa lingua*.

Correlingua 2018 Lugo





CORRELINGUA

Avenida de Lugo, 2A
entresollado A
15702 Santiago de Compostela

Tel. 698 180 557
correlingua@correlingua.gal

Síguenos en Facebook
e Instagram

www.correlingua.gal

Cantalingua 2015 Vigo

Dividido en dúas categorías, na primeira, a de educación infantil e primaria, pode participar alumnado que estea a cursar educación infantil e primaria en calquera centro de Galiza que conte coa debida autorización dos seus responsábeis legais (pais, nais ou titores). A participación será en grupo e o premio será para todo o grupo, preferibelmente unha aula completa de como máximo 25 alumnas e alumnos. A diferenza coa segunda categoría é que nesta última participan alumnos e alumnas que estean a cursar educación secundaria e bacharelato.

As e os participantes deberán formalizar a inscrición a través do formulario activo na web correlingua.gal/calendario-e-inscricions/inscripcion-no-video antes do día 1 de febreiro de 2020, e enviar as súas gravacións antes do 16 de marzo de 2020 en calquera soporte dixital, ben ao enderezo electrónico correlingua@gmail.com, ben ao seguinte enderezo: **Correlingua. Avenida de Lugo, 2A, entresollado A, 15702, Santiago de Compostela.**

Os traballos gañadores –un da categoría infantil/primaria e outro da categoría secundaria/bacharelato– serán proxectados no acto de presentación do Correlingua 2020.

O premio para o concurso de vídeo consiste nunha viaxe para cada categoría. Ademais entregaranse uns diplomas acreditativos para os grupos gañadores nun acto público. Como celebración dos 20 anos do Correlingua o alumnado gañador recibirá unha *master class* dunha persoa profesional do sector audiovisual no propio centro de ensino do grupo gañador en cada categoría.

O Cantalingua, escaparate de máis de 300 grupos

O Correlingua promove un concurso onde o alumnado ten a posibilidade de escoller o grupo ou solista que prefire para actuar nas festas finais do Correlingua. O obxectivo do Cantalingua é darlles a posibilidade de darse a coñecer a aqueles grupos que optan por usar a lingua galega para versar as súas cancións. Os temas que presenten deben ser sempre orixinais, nunca versións.

Ao longo dos dez anos nos que se vén celebrando aproximadamente uns 300 grupos pasaron polos escenarios do Correlingua enchendo de alegría e de galego prazas e rúas das vilas e cidades de toda Galiza. As alumnas e alumnos que vaian participar nas festas finais poden facer parte do Xurado do Cantalingua, de maneira que queda configurado por estudantes de diferentes idades e localizacións. O Cantalingua está programado como unha actividade didáctica ao mesmo tempo que lúdica, ao poder o alumnado elixir os grupos gañadores facendo unha votación na aula.

Para ser xuri do Cantalingua o profesorado só ten que contactar coa organización a través do correo e correlingua@correlingua.gal.

Posadoiro, o Correlingua xa está no futuro

Deseñada nestes últimos anos para non perder o tren das redes sociais, é unha actividade dirixida a dinamizar as redes sociais realizando fotografías compostas polo alumnado, e a través das cales se difunde a mensaxe normalizadora do Correlingua.

O Correlingua conta con diferentes canles nas redes sociais, entre as que destacan Youtube e Instagram polo seu éxito e implantación entre a rapazada, co obxectivo final de expandir a súa mensaxe mediante a interacción cos mozos e mozas nas redes sociais. Síguenos!



Correlingua 2019 A Coruña